



NOVA DERROTA XUDICIAL DE ENCE

Nun momento no que ENCE se esforza nunha nova campaña de lavado de imaxe, unha campaña feita a base de talonario e coa que pretenden non só vender as súas inexistentes bondades medioambientais senón tamén a implicación e apoio da sociedade da comarca a estas supostas bondades e á súa actividade empresarial en Lourizán, unha nova derrota xudicial vén poñer as cousas no seu sitio e a demostrar que a realidade non se muda coa pasta e a chantaxe.

En efecto, un fallo xudicial da Sección 2ª da Audiencia provincial vén de desestimar o recurso de apelación interposto pola empresa pasteira contra a Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) por supostas inxurias e calumnias. Pretendía ENCE que a xustiza condenara á APDR por dicir o que é evidente: que ENCE contamina; que incumpre a lexislación de augas residuais urbanas que é de aplicación ás súas instalacións, e que a Xunta, na Autorización Ambiental Integrada, fixa uns límites de vertido superiores aos establecidos na citada lexislación permitíndolle contaminar máis do que permite a Lei.

E convén recoller aquí un parágrafo desta sentenza pois reflicte con absoluta claridade a realidade de ENCE e a percepción que desde todos os sectores sociais tense desta realidade:

“La asociación APDR es una entidad que ejerce un derecho en defensa de los ciudadanos; la entidad ENCE ejerce una actividad empresarial muy controvertida en la actualidad por su visible intervención en el medio ambiente (un simple paseo por los alrededores de la factoría da una idea aproximada de su impacto medioambiental hasta para el más profano en la materia”).

E non caben máis recursos contra esta decisión xudicial.

Así as cousas, desde a APDR reiteramos as nosas acusacións a ENCE e denunciámos o xeito de proceder da empresa, pois lonxe de cumprir coa Lei, preténde saltar, négase a marchar da Ría no 2018 e pretenden unha prórroga da concesión por 30 anos máis.

Chamamos a toda a cidadanía a apostar polo cumprimento da Lei, pola defensa do medio ambiente, dos recursos naturais e dunha economía sustentábel baseada na explotación racional do marisqueo, a pesca de baixura, o sector forestal e o sector turístico (un desenvolvemento que é incompatible coa presenza do complexo ENCE-ELNOSA na Ría) participando este sábado día 2 na MARCHA CONTRA CELULOSAS.

Porque temos a razón e porque o fin da senrazón que supuxo a instalación de ENCE-ELNOSA en Lourizán está cada día máis perto.

Pola Asociación Pola Defensa da Ría,
Asdo.: Antón Masa, presidente.